



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 27 DE XUÑO DE 2019,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción dun Itinerario peonil e ciclista na PO-411. Treito: Parderrubias, puntos quilométricos 4+260 - 6+250, no Concello de Salceda de Caselas (clave PO/16/105.06).
- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol da Xunta de Galicia de varios treitos da estrada provincial DP-7310.
- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Bueu da estrada provincial EP-1306 A Portela-Ermelo.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Decreto polo que se determinan as festas da Comunidade Autónoma de Galicia do calendario laboral para o ano 2020.

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Decreto polo que se crea o Museo do Viño de Galicia, dependente da Xunta de Galicia.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a adquisición de compromisos de gasto de carácter plurianual e a concesión de anticipos do 80 %, na Resolución da Secretaría Xeral da Igualdade pola que se establecen as bases que rexerán a concesión de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para programas de deseño e implementación de itinerarios personalizados e accións específicas que favorezan a inserción sociolaboral de mulleres en situación de violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para os anos 2019 e 2020.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto que ten por obxecto a contratación, polo procedemento aberto, tramitación ordinaria, suxeita á regulación harmonizada e adxudicación baseada en multicriterios, do servizo de atención e información á cidadanía na Xunta de Galicia (teléfono 012), polo importe de licitación de dous millóns catrocentos corenta e catro mil douscentos vinte e cinco euros con setenta e oito céntimos (2.444.225,78€), IVE incluído, e cun valor estimado do contrato de catro millóns oitocentos corenta e oito mil cincuenta e un euros con catorce céntimos (4.848.051,14€).

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Acordo polo que se autorizan os compromisos de gastos plurianuais derivados da Resolución pola que convocan para o ano 2019 as subvencións do Programa do bono de alugueiro social destinado a axudas ao alugamento para vítimas de violencia de xénero, con financiamento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero.
- Acordo polo que se autoriza a declaración e adxudicación de proxecto empresarial singular pola sociedade Xestión do Solo de Galicia-Xestur, S.A., ao proxecto presentado por Hijos de Rivera, S.A.U., para a súa implantación nunha parcela futura (M-01 da zona M) do Parque empresarial de actividades económicas de Arteixo-Morás.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDAD

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia, a Deputación Provincial de Pontevedra e os Concellos de Caldas de Reis, Cuntis e Moraña, por un importe de trescentos noventa e dous mil cincocentos trinta e cinco euros con setenta e oito céntimos (392.535,78€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e a Universidade da Coruña para a investigación dos procesos de depuración en Galicia, por un importe de cento corenta e tres mil cincocentos euros (143.500€).

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e as universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo para o cofinanciamento do subprograma Juan de la Cierva (convocatoria MCIU 2017), por importe de cento oitenta e cinco mil trescentos trinta e oito euros con oitenta e nove céntimos (185.338,89 €).

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Universidade de Santiago de Compostela, a Axencia Turismo de Galicia e a S.A.M.I. Catedral de Santiago, para o desenvolvemento da Cátedra Institucional O Camiño de Santiago e as Peregrinacións, por importe de noventa mil euros (90.000 €).

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Acordo polo que se autoriza o inicio da tramitación do anteproxecto de Lei de apoio á natalidade e impulso demográfico de Galicia.

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización do proxecto Táboas Input-Output da Pesca Galega 2019 por importe de cento cincuenta e tres mil euros, 153.000€).



O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA AS EXPROPIACIÓNS PARA EXECUTAR UNHA SENDA PEONIL E CICLISTA EN PARDERRUBIAS, NO CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS, CUN INVESTIMENTO AUTONÓMICO DE 900.000 EUROS

- *A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade iniciará a contratación das obras a finais do verán e o levantamento de actas previas será no terceiro trimestre de 2019*
- *Trátase da construción dun itinerario compartido para peóns e biciletas que desenvolverá en tres treitos da estrada autonómica PO-411, de algo máis de 2 quilómetros de lonxitude en total e un ancho de entre 1,80 e 2,30 metros*
- *Os traballos inclúen a construción dun paso de peóns elevado, a ampliación do paso sobre o regato de Landres e a mellora de interseccións e accesos ás vivendas*
- *Esta actuación enmárcanse no Plan de sendas da comarca de Vigo, que está a permitir xa dispor dos case máis de 12 quilómetros de novos itinerarios mixtos en estradas da Xunta, cun investimento total de 5,9 millóns de euros*
- *Neste momento a Xunta ten todas as obras rematadas, salvo a senda na estrada PO-340, entre Gondomar e Ramallosa, que case está en servizo na súa totalidade*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos necesarios para executar unha senda peonil e ciclista na estrada autonómica PO-411, á altura de Parderrubias, no Concello de Salceda de Caselas.

Esta actuación conta cun orzamento autonómico duns 900.000 euros, no cal se inclúe o pagamento aos titulares dos 94 predios necesarias para executar esta actuación.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade ten previsto a licitación do contrato das obras a finais de verán e o levantamento de actas previas está previsto no terceiro trimestre de 2019. Trátase da execución dunha senda compartida peón-bici de algo máis de 2 quilómetros de lonxitude na estrada de titularidade autonómica PO-411, cun trazado que coincide en planta e alzado coa vía actual e cun ancho que oscilará entre os 1,80 metros e os 2,30.

Esta actuación no núcleo de Parderrubias desenvólvese en tres treitos, un na marxe dereita da vía de acceso ao IES Pedras Rubias, outro na marxe esquerda da estrada PO-411, entre os puntos quilométricos 4+260 e 5+985, e o terceiro tamén pola marxe dereita da vía autonómica, entre os puntos quilométricos 5+970 e 6+250.

Ademais proxéctase un paso de peóns elevado no puntos quilométrico 3+715, a ampliación do paso sobre o regato de Landres, a mellora das interseccións e accesos ás vivendas. Nas obras se prevé o traslado da marquesiña existente no punto quilométrico 5+910, así como a reposición dunha serie de treitos da rede de saneamento.

Cabe salientar que con esta nova actuación impulsada desde o Goberno galego completa o Plan de Sendas de Galicia para a Comarca de Vigo. Nesta comarca implicou a mobilización dun investimento total de 5,9 M€, que permitiron e están a permitir a execución de máis de 12 quilómetros de novas sendas peonís e ciclistas en estradas de titularidade autonómica.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta


O departamento de Infraestruturas ten neste momento todas as obras rematadas, salvo a senda na estrada PO-340, entre Gondomar e Ramallosa, nos concellos de Gondomar e Nigrán, en obras pero xa case posta en servizo na súa totalidade, e este novo itinerario proxectado na PO-411 en Parderrubias, que impulsa hoxe o Executivo autonómico.

Os obxectivos prioritarios desta nova senda aprobada hoxe polo Executivo autonómico son incrementar a seguridade dos veciños nos seus desprazamentos cotiás e promover unha mobilidade máis sustentable. E na actualidade están rematadas e en servizo as sendas da PO-552 en Vigo (Coruxo- Roteas e A Estea), Nigrán (Priegue) e Baiona (Santa Marta e Paseo Marítimo); as da PO-325 en Vigo (Navia) e Nigrán (Monte Lourido); a da PO-250 en Pazos de Borbén (Amoedo); e a da PO-331 en Porriño e Mos (Atín).

Estas actuacións serán cofinanciada con Fondos europeos do programa operativo Feder 2014-2020.

No seguinte plano amosáanse a zonas onde se executará o novo itinerario:

[Plano de situación](#)



A XUNTA ASUME A TITULARIDADE DE VARIOS TREITOS DA ESTRADA PROVINCIAL DP-7310, NO CONCELLO DE RIBEIRA, COMO ACCESOS Á AUTOVÍA DO BARBANZA

- *Trátase de tres tramos da vía que suman unha lonxitude total de 1.051 metros*
- *Unha vez que se materialice este cambio de titularidade, estes tramos e os construídos con novo trazado conformarán unha soa vía de competencia autonómica*
- *Con esta transferencia, o Goberno galego acada a racionalización da rede viaria e dálles un mellor servizo aos cidadáns, xa que os treitos asumidos tamén serán obxecto das actuacións de conservación e de posibles melloras*
- *A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da comunidade autónoma e das entidades locais*
- *A entrega dos treitos formalizarase mediante a sinatura da correspondente acta, nos dous meses seguintes á publicación do decreto no Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta autoriza o cambio de titularidade a prol do Goberno galego de varios treitos da estrada provincial DP-7310, no Concello de Ribeira, como accesos á autovía do Barbanza (AG-11).


O Goberno galego, co obxecto de racionalizar a rede viaria e darlle o mellor servizo posible aos cidadáns, solicitou que lle foran transferidos estes tramos provinciais, conformando cos construídos con novo trazado unha soa vía de titularidade autonómica, unha vez que se materialice a transferencia.

Este proxecto de Decreto recolle a transferencia á Xunta de tres treitos de lonxitudes de 427 metros, 326 e 298 m, sumando un total de 1.051 metros.

A Xunta, coa proposta de promover o cambio de titularidade ao seu favor, incorporará a lonxitude total deste ramal da AG-11 á súa rede. Deste xeito, os citados tramos beneficiaranse dos medios da conservación ordinaria e tamén será obxecto de actuacións promovidas pola Administración autonómica.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da comunidade autónoma e das entidades locais.

A entrega dos treitos formalizarase mediante a sinatura da correspondente acta, no prazo dos dous meses seguintes á publicación do decreto no *Diario Oficial de Galicia*.





O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA AO CONCELLO DE BUEU DA TITULARIDADE DO TREITO DA VÍA PROVINCIAL QUE COMUNICA OS NÚCLEOS DA PORTELA A ERMELO

- ***Os cambios de titularidade tramítanse conforme ca Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta por proposta da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade***
- ***Coa transferencia, o Concello será responsable da conservación do tramo e poderá actuar de modo acorde coas súas características***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a transferencia ao Concello de Bueu do treito da estrada provincial EP-1306, que comunica os núcleos da Portela a Ermelo.

O concello pontevedrés solicitou á deputación provincial o cambio de titularidade deste treito de case 4 quilómetros de lonxitude, desde o punto quilométricos 0+000 ao 3+973, que é de facto o acceso principal entre estes lugares. A petición municipal prodúcese tras o acordo acadado co organismo provincial para que se execute o acondicionamento e mellora da seguridade viaria do citado tramo.

A Administración provincial de Pontevedra considerou axeitado o cambio de titularidade a prol do entidade local, polo que emite informe favorable para a transferencia deste treito e solicita o cambio de titularidade destas estradas á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.

A transferencia a prol do Concello de Bueu deste treito provincial tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que deberá ser aprobado por decreto da Xunta, por proposta da consellería competente en materia de estradas e logo do acordo entre as administracións implicadas.

Co cambio de titularidade aprobado hoxe polo executivo autonómico, o Concello pontevedrés terá a competencia para actuar en ambas as vías e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

O decreto aprobado hoxe polo executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.



A XUNTA RATIFICA O CALENDARIO LABORAL PARA 2020 QUE TERÁ COMO FESTIVOS PROPIOS OS DÍAS DE SAN XOSÉ, SAN XOÁN E O 25 DE XULLO

- ***O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe ao decreto que agora terá que publicarse no Diario Oficial de Galicia (DOG)***
- ***A normativa estatal fixa 14 festivos: 12 marcados polo Estado e dous elixidos polos concellos e, cando un festivo nacional obrigatorio coincide en domingo, cada comunidade pode substituílo por outro día de interese***
- ***En 2020 prodúcese esta circunstancia o 1 de novembro e o 6 de decembro, que se substitúen polo 19 de marzo e o 24 de xuño***
- ***Entre os festivos nacionais que teñen carácter opcional, Galicia elixe sempre o 25 de xullo, por ser o Día Nacional de Galicia, ademais do día de Reis (6 de xaneiro) e o Xoves Santo, que o próximo ano cae o 9 de abril***

O Consello da Xunta ratificou hoxe o decreto que fixa o calendario laboral para 2020, tras levarse previamente ao Consello Galego de Relacións Laborais. Agora, terá que publicarse no *Diario Oficial de Galicia* (DOG). A Comunidade Autónoma galega terá como festivos propios o próximo ano os días de San Xosé (19 de marzo) e de San Xoán (24 de xuño). Así se establece na proposta para 2020, na cal tamén se recolle como festivo o 25 de xullo, Día de Galicia.

A normativa estatal, fixada polo Real decreto 2001/1983, establece as 14 festas anuais de ámbito nacional non recuperables, remuneradas e de carácter obrigatorio. Destes 14 festivos, dous son elixidos por cada concello. Dos outros 12 restantes, nove son de carácter obrigatorio e non substituíbles a non ser que coincidan en domingo: 1 de xaneiro, Venres Santo (10 de abril en 2020), 1 de maio, 15 de agosto, 12 de outubro, 1 de novembro, 6 de decembro, 8 de decembro e 25 de decembro. No ano 2020 hai dous festivos nacionais que coinciden en domingo (o 1 de novembro, día de Todos os Santos; e o 6 de decembro, día da Constitución) e que se substituirán en Galicia polo 19 de marzo, día de San Xosé (xoves), e polo 24 de xuño, día de San Xoán (mércores).

Ademais, outros tres festivos de carácter nacional poden ser substituídos polas comunidades autónomas: o 6 de xaneiro, que nunca se cambia, agás que coincida en domingo; o Xoves Santo (que en 2020 se celebrará o 9 de abril), que Galicia non cambia tradicionalmente; e dáselle a opción ás comunidades entre o 19 de marzo e o 25 de xullo. Sempre se elixe o 25 de xullo, xa que é o Día Nacional de Galicia, tal e como quedou establecido polo Decreto 8/1978, do 10 de xullo.

Unha vez aprobados os festivos de carácter autonómico, cada concello galego deberá establecer os seus dous días festivos locais. Para iso será necesario a súa aprobación polos plenos das administracións locais.

Calendario laboral de Galicia para 2020

FESTIVIDADE	DATA	DÍA DA SEMANA
Aninovo	1 de xaneiro	Mércores
Día de Reis	6 de xaneiro	Luns
San Xosé	19 de marzo	Xoves
Xoves Santo	9 de abril	Xoves
Venres Santo	10 de abril	Venres
Festa do Traballo	1 de maio	Venres
San Xoán	24 de xuño	Mércores
Día Nacional de Galicia	25 de xullo	Sábado
Asunción da Virxe	15 de agosto	Sábado
Día da Hispanidade	12 de outubro	Luns
Inmaculada Concepción	8 de decembro	Martes
Nadal	25 de decembro	Venres

A XUNTA IMPULSA A PROMOCIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL VITIVINÍCOLA COA CREACIÓN DO MUSEO DO VIÑO DE GALICIA EN RIBADAVIA

- **Situada no corazón do Ribeiro, esta nova infraestrutura permitirá recuperar, conservar e difundir o legado do viño na nosa Comunidade, ademais de funcionar como un novo aliciente para o enoturismo**
- **Trátase dun espazo monográfico en que se vai divulgar a historia e cultura do viño desde a Idade Media e que estará permanentemente conectado coa sociedade e cos protagonistas da vitivinicultura galega da actualidade**
- **As denominacións de orixe e as rutas do viño colaborarán co museo no asesoramento, achegando información e animando á participación**
- **Crearase unha aplicación para móbiles que permitirá completar o discurso expositivo e ofrecer información sobre actividades, eventos e feiras do viño**
- **O Goberno autonómico, que investiu preto de 2 millón de euros na súa rehabilitación e equipamento, achegará máis de 300.000 euros anuais para garantir o seu funcionamento e mantemento**

O Consello da Xunta deu hoxe un novo impulso a cultura galega ao autorizar o proxecto de decreto para crear o Museo do Viño de Galicia (MVG). Trátase dunha infraestrutura situada no corazón do Ribeiro que permitirá recuperar, conservar e difundir o patrimonio cultural do sector do viño en Galicia, un dos máis importantes da nosa Comunidade, facilitando o coñecemento, aprendizaxe e gozo dos cidadás en xeral e dos investigadores e estudosos do universo vitivinícola en particular.

A apertura do MVG enmárcase na aposta decidida da Xunta de Galicia para outorgarles aos museos o protagonismo que merecen tendo en conta a súa cuádrupla dimensión: social, investigadora, pedagóxica e económica. Con esta mesma finalidade, o Consello da Xunta autorizou o pasado mes de maio o inicio da tramitación do anteproxecto da que será a primeira Lei de museos e outros centros museísticos de Galicia. Trátase dunha norma innovadora no ámbito autonómico e pioneira no eido do respecto pola pluralidade, o acceso á cultura, a integración da perspectiva de xénero e emprego das TIC.

Sete ámbitos temáticos

Así, co obxectivo de reflectir o fenómeno histórico, paisaxístico e social ligado ás xentes viticultoras e viñateiras de Galicia, o museo, cuxo acceso será gratuíto, contará cun espazo monográfico en que se vai divulgar a historia e cultura do viño desde a Idade Media e que estará permanentemente conectado coa sociedade e cos protagonistas de vitivinicultura galega da actualidade. Este espazo monográfico estará dividido en sete ámbitos temáticos: os territorios vitícolas e a humanización da paisaxe agraria modificada por este cultivo desde a Idade Media, as actividades da viticultura, as denominacións de orixe, as variedades vitícolas, a comarca do Ribeiro, a produción en mosteiros, granxas e priorados e un último centrado no traballo na adega.

Ademais, o MVG contará coa colaboración e asesoramento das cinco denominacións de orixe do viño de Galicia (Rías Baixas, Monterrei, Valdeorras, Ribeira Sacra e Ribeiro) e coas cinco rutas do viño que achegarán información e animarán á participación activa no museo co obxectivo de dar a coñecer unha oferta enoturística de máis alta calidade.

Deste xeito, os axentes implicados no sector do viño estarán representados no espazo museístico a través do discurso expositivo cun *videomapping* de Galicia no cal se ofrece a localización territorial das DO, así como datos actualizados das colleitas e monumentos asociados a cada zona; mediante o espazo de información que se habilitará no museo onde poderán depositar os folletos, carteis e información institucional, e a través dunha aplicación que os visitantes poderán descargar nos seus teléfonos móbiles. Esta app, que funcionará como unha guía multimedia, permitirá completar o discurso da exposición e contará con dous módulos, un dedicado á propia visita e outro centrado nas denominacións de orixe e rutas do viño.

Inmable do século XVIII

O lugar elixido para acoller este museo é a casa reitoral de Santo André de Campo Redondo, no municipio de Ribadavia. É un inmable do século XVIII localizado en plena comarca do Ribeiro cun miradoiro sobre as terras de Avia e do Miño e que foi cedido á Xunta de Galicia pola Diocese de Ourense. Este lugar, que foi rehabilitado e equipado grazas a unha achega de preto de 2 millóns de euros feita polo Goberno autonómico, é o idóneo ao situarse no corazón do Ribeiro, unha das zonas de produción de viño con maior continuidade histórica de Galicia.

Ademais, a súa calidade arquitectónica e o feito de que o edificio conte coa posibilidade de incorporar parcelas de cultivo con viñas musealizadas para a súa investigación, sumada á súa proximidade coa localidade de Ribadavia converten este lugar nunha localización excepcional.

No relativo á xestión, cómpre destacar que o MVG dependerá da Consellería de Cultura e Turismo e que a dirección será exercida polo Museo Etnolóxico de Ribadavia, que conta con exposicións vinculadas á cultura rural da provincia de Ourense. Ademais, co obxectivo de garantir o bo funcionamento e mantemento deste novo centro museístico, o Goberno autonómico ten previsto destinar máis de 300.000 anuais e crear tres postos de traballo que se dedicarán á atención ao público.



A XUNTA CONVOCA AS AXUDAS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA LEVAR A CABO PROGRAMAS DE INSERCIÓN SOCIOLABORAL PARA MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO

- ***A finalidade das concesións é apoiar as vítimas na súa integración no mercado laboral, como elemento para unha recuperación integral***
- ***A falta de recursos propios, fundamentalmente dun posto de traballo, dificulta en moitas ocasións a ruptura da situación de violencia.***
- ***Para a concesión destas axudas destínase un total de 725.000,00 euros, cun importe máximo de cada unha de 100.000 €.***

O Consello da Xunta aprobou hoxe as axudas a entidades sen ánimo de lucro para programas de deseño e implementación de itinerarios personalizados e accións específicas que favorezan a inserción sociolaboral de mulleres en situación de violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia, e a súa convocatoria para os anos 2019 e 2020.

As axudas están dirixidas a entidades sen ánimo de lucro que leven a cabo accións que favorezan a inserción sociolaboral coa finalidade de apoiar as mulleres vítimas de violencia de xénero na súa integración ou reintegración no mercado laboral, como elemento clave para unha recuperación integral, tendo en conta que a falta de recursos propios, fundamentalmente dun posto de traballo, dificulta en moitas ocasións a ruptura da situación de violencia.

As accións subvencionables serán, por exemplo, o diagnóstico de competencia de cada muller para a busca de emprego, a orientación profesional e asesoramento laboral para o emprego ou a mediación laboral e contacto con empresas xestionando as posibles ofertas. Outras actuacións poden ser as dirixidas a formación para o emprego, que ten como finalidade formar e capacitar as participantes para o seu acceso ao emprego, proporcionándolles unha actualización e mellora das súas competencias profesionais, coñecementos e prácticas.

Tamén se inclúen actuacións de apoio á conciliación, que consistirán na posta á disposición de servizos de atención persoal e/ou familiar, ben no fogar ou ben nun recurso comunitario, dirixidos a facilitar a participación destas mulleres nas accións comprendidas no seu itinerario de inserción sociolaboral ou na formación para o emprego. Como novidade da convocatoria, haberá tamén bolsas que teñen por obxecto facilitarlles ás participantes unha axuda económica para compensarlles os gastos de transporte e desprazamento que incentive a súa participación no programa.

Para a concesión destas axudas destínase un total de 725.000,00 euros, cun importe máximo de cada axuda será de 100.000 €. Para o ano 2019: 225.000,00€ e para o ano 2020: 500.000,00€.

A XUNTA RENOVA O CONTRATO DO SERVIZO DE ATENCIÓN TELEFÓNICA -012- QUE INCORPORA A ATENCIÓN ÁS VÍTIMAS DA VIOLENCIA DE XÉNERO

- **O contrato ten un importe de licitación de 2,4 M euros cunha duración de 24 meses**
- **O Servizo de Atención á Muller incrementase coa garda psicolóxica e social especializada para a atención ás vítimas da violencia de xénero e aos seus fillos e fillas**
- **A partida destinada ao teléfono de información e soporte á xestión da citación para o recoñecemento na área de dependencia incrementouse en 69.094 euros**
- **O Servizo de Atención á Muller, o Teléfono Social e a Liña de Axuda á Infancia están operativos as 24 horas do día os 365 días do ano, e son totalmente gratuítos**
- **Conta cun sistema de videointerpretación da lingua de signos que garante o acceso de persoas con discapacidade auditiva, en igualdade de condicións, ao 012**

O Consello da Xunta autorizou hoxe o novo contrato do servizo de atención e información á cidadanía na Xunta de Galicia -o teléfono 012-, por un importe de licitación de 2,4 millóns de euros. O novo contrato dará comezo o 1 de novembro cun prazo de duración de 24 meses, e o servizo incrementase cunha nova liña de atención ás vítimas da violencia de xénero xa que se incorpora a liña de garda psicolóxica especializada e social, tanto ás mulleres que sofren violencia de xénero como aos seus fillos e fillas.

O 012, o servizo de atención e información á cidadanía na Xunta de Galicia constitúe un sistema integrado de xestión dotado dos compoñentes tecnolóxicos e dos servizos necesarios para facilitarlle á cidadanía as súas relacións coa Xunta de Galicia, dando servizo a un total de 15 liñas telefónicas, e agora o servizo de Atención á Muller incorpora a garda psicolóxica e social e atención á vítimas.

A partida destinada ao teléfono de información e soporte á xestión da citación para o recoñecemento na área de dependencia incrementouse en 69.094 euros como consecuencia do aumento na xestión das citas.

O Goberno galego, no ano 2011 centralizou no 012 a xestión de diversos servizos telefónicos da Xunta, co obxectivo de facilitar información e asesoramento tanto galego, castelán ou inglés (este último no caso de consultas turísticas), permitindo desta maneira que se poidan levar a cabo trámites de xeito sinxelo e directo. No caso do Servizo de Atención á Muller, Información Social e da Liña de Axuda á Infancia o servizo está operativo as 24 horas do día os 365 días do ano e é totalmente gratuíto, chamando desde os teléfonos específicos.

Conta ademais cun sistema de videointerpretación da lingua de signos que garante o acceso de persoas con discapacidade auditiva, en igualdade de condicións, ao Teléfono 012. Unha das melloras fundamentais implantadas nos últimos anos foi o sistema automatizado de atención telefónica no servizo de queimas, que permite solicitar un permiso de queima as 24 horas os 365 días do ano, permitindo unha maior eficacia no servizo e diminuíndo o número de chamadas en cola.



Teléfonos integrados

Na actualidade están integrados no 012, o Servizo de información xeral, Servizo de atención ás mulleres, Servizo de información en materia de vivenda, Servizo de información ao agro galego, Servizo de información social, Liña de axuda á infancia, Servizo de información a demandantes e empregadores, Teléfono voluntariado, Teléfono Xove, Teléfono de información afectivo sexual Quérote + , Servizo de información e soporte á xestión da citación na área da dependencia, Servizo galego de apoio á mobilidade persoal, Servizo de información e soporte á xestión da citación para o recoñecemento na área de discapacidade, Servizo de información turística e Servizo de información sobre reclamacións de facturación eléctrica.



A XUNTA DESTINARÁ 1,65 MILLÓNS DE EUROS A AXUDAS AO ALUGAMENTO PARA VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO

- ***Poderán recibir o Bono de Alugueiro Social durante doce meses prorrogables por outras doce ata en dúas ocasións***
- ***O importe do Bono irá dos 225 ata os 175 euros mensuais, segundo o concello en que se localice a vivenda***
- ***O importe do Bono equivale ao 50% do custo máximo do alugamento***

A Xunta de Galicia destinará 1,65 millóns de euros a axudas para vivenda a vítimas de violencia de xénero a través da concesión do Bono de Alugueiro Social, no marco do Pacto de Estado contra a violencia de xénero. O Consello da Xunta autorizou hoxe a convocatoria desta axuda en 2019, que se rexerá polas bases xa publicadas no *Diario Oficial de Galicia* do 24 de abril.

As subvencións do Programa do Bono de Alugueiro Social para vítimas de violencia de xénero están destinadas a atender con carácter urgente as seguintes unidades de convivencia:

- a) As das mulleres vítimas de violencia de xénero nunha relación de convivencia e de dependencia económica do seu agresor ou, no caso de mulleres vítimas de trata con fins de explotación sexual, de dependencia da persoa que mantiver sobre ela unha relación de dominación.

Terán tamén esa consideración as mulleres que padeceron violencia vicaria ou violencia “por interpósita persoa”, con resultado de morte.

- b) As das fillas e fillos menores de 30 anos das vítimas mortais por violencia de xénero, calquera que sexa a natureza da súa filiación, que se atopasen nunha situación de dependencia económica da nai ou do agresor no momento do falecemento da vítima.

Importe da axuda

O Bono de Alugueiro Social para vítimas de violencia de xénero terá un importe de 225, 200 ou 175 euros segundo o concello en que se atopa a vivenda alugada. Esta axuda equivale ao 50 por cento do importe máximo que pode acadar o prezo do alugamento da vivenda en cada zona, que será de 450 euros ao mes nas sete grandes cidades, 400 euros nos concellos de carácter urbano e 350 nos concellos de tipo rural. As bases publicadas no DOG o pasado mes de abril inclúen a lista de concellos en que se aplica cada importe máximo.

O Bono concederáse por un período de doce meses, prorrogable dúas veces pola mesma duración, de maneira que pode chegar ata un total de tres anos.

Poderase solicitar unha axuda complementaria, de ata 600 euros, para o suposto da inmediata formalización dun contrato de alugamento, que se destinarán a atender as obrigas derivadas da constitución de fianza e da alta en subministracións.



Solicitude

As axudas poderán solicitarse a partir da publicación da data en que se publique a convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* e ata o 13 de decembro de 2019, salvo que se esgote antes o crédito orzamentario.

A concesión das axudas efectuarase conforme se presenten as solicitudes co obxectivo de poder atender todas as solicitudes que se vaian presentando ata o esgotamento do crédito previsto na convocatoria e, en todo caso, ata o 13 de decembro de 2019.

A XUNTA AUTORIZA A DECLARACIÓN DE PROXECTO EMPRESARIAL SINGULAR PARA A INSTALACIÓN DE ESTRELLA GALICIA NO PARQUE EMPRESARIAL DE MORÁS

- ***A declaración permitirá adxudicar directamente máis de 460.000 metros cadrados de solo á empresa para a construción dunha nova fábrica. Trátase da maior adxudicación de solo empresarial realizada a unha única empresa pola Xunta de Galicia na súa historia***
- ***A Xunta tamén iniciou xa a tramitación da modificación do proxecto sectorial do parque empresarial para adaptalo á nova situación***
- ***Un 68% do solo do parque de Morás está xa adxudicado cando aínda se están a executar as obras de urbanización, o que constitúe un caso único en Galicia***

O Consello da Xunta autorizou a declaración como proxecto empresarial singular do proxecto presentado por Estrella Galicia para a súa implantación no parque empresarial de Morás, en Arteixo, promovido pola empresa pública Xestur Galicia, dependente da consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

O 22 de maio pasado a empresa Hijos de Rivera presentou ante Xestur Galicia a memoria do seu proxecto empresarial a implantar no parque empresarial de Morás (Arteixo), que consistirá no deseño, construción e posta en marcha dunha fábrica de cervexas de última xeración. A declaración como proxecto empresarial singular permite a adxudicación directa da parcela M-01 do parque empresarial de Morás, cunha superficie de 466.137 metros cadrados, na cal se pretende implantar o citado proxecto empresarial. Esta é a maior adxudicación de solo empresarial realizada a unha empresa pola Xunta de Galicia na súa historia.

A empresa motiva a súa elección para a instalación da nova planta neste parque empresarial na dispoñibilidade de solo, na localización estratéxica de Morás, tendo en conta a proximidade co Porto exterior e as principais vías de comunicación por estrada, xa que un dos principais obxectivos da empresa será a exportación do seu produto e, ademais, pola súa proximidade co encoro de Cecebre, desde onde recibe a subministración de auga actualmente e tamén cando estea instalada en Morás. A auga é un elemento fundamental na fabricación da cervexa.

O prezo de venda da parcela solicitada pola empresa ascende a 22.239.396 euros, máis IVE, despois de aplicar a bonificación do 30 por cento que lle corresponde a este parque empresarial.

O Instituto Galego da Vivenda e Solo, Xestur, Hijos de Rivera e Concello de Arteixo asinaron o pasado 15 de maio un protocolo de actuacións en que se define o plan de actuación que, de forma coordinada e consensuada, teñen a intención de levar a cabo as catro partes coa finalidade de posibilitar a implantación do proxecto empresarial de Estrella Galicia no parque de Morás.

Este protocolo establecía que a empresa solicitaría a reserva do solo e a declaración de proxecto empresarial singular, cousa que fixo o 22 de maio. Posteriormente, o 7 de xuño o Consello de Administración de Xestur aprobou a remisión da solicitude ao Consello da Xunta para a súa autorización.

Por outra parte, o protocolo establece que o IGVS tramitaría, nun prazo máximo de doce meses, a modificación do proxecto sectorial para adaptalo á nova situación, xa que a adxudicación de solo a Hijos de Rivera supón a agrupación de varias parcelas e a eliminación de viarios interiores na zona adxudicada. A modificación do proxecto sectorial atópase xa en tramitación da avaliación ambiental estratéxica, sometido a información pública desde o pasado 19 de xuño.

68% do solo adxudicado

Co adxudicación a Hijos de Rivera un 68% por cento da superficie total do parque empresarial está xa adxudicada, posto que xa foron adxudicados preto de 106.000 metros cadrados, en dereito de superficie, á empresa Aluman e máis de 77.000 metros cadrados a empresas que eran propietarios de terreos no ámbito en que se desenvolve o parque empresarial.

Desta maneira están xa adxudicados 647.275 metros cadrados e quedan pendentes de adxudicación pouco máis de 302.000 metros cadrados, que serán postos á disposición das empresas interesadas a través dun concurso público de venda.

O parque empresarial de Morás convértese nun caso único en Galicia, xa que cando aínda se atopan en execución as obras de urbanización xa está adxudicada a maior parte do solo dispoñible.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA O INVESTIMENTO DE 400.000 EUROS DO CANON DE EXPLOTACIÓN DO ENCORO DO UMIA AO FINANCIAMENTO DE ACTUACIÓNS EDUCATIVAS E SOCIAIS EN CALDAS DE REIS, CUNTIS E MORAÑA

- *Os tres municipios benefíciáanse anualmente da achega económica a que está obrigada a empresa concesionaria da explotación hidroeléctrica da presa de Caldas de Reis*
- *Cada un destes municipios recibirá máis de 130.000 euros de Augas de Galicia*
- *Desde 2002, a Xunta leva achegado a estes concellos máis de 6,2 millóns de euros procedentes do canon de explotación do encoro e que axudaron a apoiar actuacións culturais e de asistencia social nestes concellos*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o convenio de colaboración entre a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e os concellos de Caldas, Cuntis e Moraña, polo que Augas de Galicia destina preto de 400.000 euros do canon de explotación do encoro do Umia ao financiamento de actuacións educativas e sociais nestes tres municipios da provincia de Pontevedra.

O Executivo autonómico deu así o seu visto e praxe á sinatura do convenio en que participa como entidade colaboradora a Deputación de Pontevedra, que asume o labor de administrar estes fondos autonómicos entre estes tres concellos e velar pola súa correcta aplicación.

Os concellos de Caldas de Reis, Cuntis e Moraña benefíciáanse anualmente da achega económica a que está obrigada a empresa concesionaria da explotación hidroeléctrica da presa de Caldas de Reis.

Este ano a cantidade achegada por Augas de Galicia é de algo máis de 130.000 euros para cada un destes concellos, que poderán financiar con cargo a estes fondos actividades educativas e sociais que se organicen desde o día 1 de xaneiro de 2019 ata o 31 de decembro deste mesmo ano.

Desde o ano 2002, a Xunta de Galicia leva asignado case preto de 6,2 millóns de euros en concepto de canon de explotación do encoro de Caldas de Reis a estes municipios, que axudaron a apoiar actividades educativas, culturais e de asistencia social dos concellos de Caldas de Reis, Cuntis e Moraña.

Mediante o acordo aprobado hoxe, o Executivo autonómico incentiva axudas á xestión municipal e impulsa a colaboración entre administracións.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A COLABORACIÓN ENTRE AUGAS DE GALICIA E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA IMPULSAR UN PROXECTO DE INVESTIGACIÓN PARA A MELLORA DO SANEAMENTO NO RURAL

- *Este acordo, dotado dun investimento de case 144.000 euros, ten como fins realizar un diagnóstico da situación actual, formular obxectivos prioritarios e establecer as liñas de acción para optimizar a depuración no rural galego*
- *Nunha primeira fase, para o diagnóstico do estado actual, consideraranse factores físicos como o clima ou o relevo; socioeconómicos como a dispersión da poboación; ou a configuración dos sistemas de saneamento existentes*
- *En segundo lugar, formularanse os obxectivos de carácter prioritario para fixar o alcance da depuración nos pequenos núcleos de saneamento*
- *Nunha terceira etapa, estableceranse as liñas de acción para acadar os obxectivos a través da concreción dos procesos de depuración axeitados en cada caso*
- *A Xunta vén realizando nos últimos anos un grande esforzo investidor na construción e acondicionamento de sistemas de saneamento, permitindo a mellora do estado das masas de auga e evitando afeccións negativas na contorna*

O Consello da Xunta autoriza o convenio de colaboración entre Augas de Galicia e a Universidade da Coruña para impulsar un proxecto de investigación para a mellora de saneamento no rural.

Este acordo, dotado dun investimento autonómico de case 144.000 euros, ten como fins realizar un diagnóstico da situación actual, formular obxectivos prioritarios e establecer as liñas de acción para optimizar a depuración no rural galego.

Nunha primeira fase, o proxecto prevé o diagnóstico do estado actual, considerando factores físicos como o clima ou o relevo; socioeconómicos como a dispersión da poboación; o marco normativo ou a actual configuración dos sistemas de saneamento.

Nesta fase será relevante a información dispoñible en Augas de Galicia, derivada dos traballos realizados no ámbito do Plan de saneamento da comunidade.

En segundo lugar, formularanse os obxectivos de carácter prioritario, para fixar o alcance da depuración nos pequenos núcleos de saneamento. Para isto, terase en conta a localización dos sistemas de depuración, os condicionantes do posible medio receptor a que se realizaran as verteduras e as características específicas das liñas de proceso dos sistemas. Neste punto da investigación sumarase a experiencia de Augas de Galicia na tramitación de autorizacións de verteduras e a información dispoñible relacionada coa calidade das augas.

Nunha terceira etapa, estableceranse unhas liñas de acción e metas para acadar os obxectivos perseguidos. Estes puntos concretaranse en distintos procesos de depuración



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

como poden ser os humedais artificiais, os filtros de area, eliminación de nutrientes ou a xestión dos lodos.

A Xunta, a través de Augas de Galicia, vén realizando nos últimos anos un grande esforzo investidor para financiar e executar obras de construción e mellora de sistemas de saneamento de augas residuais.

As actuacións hidráulicas que vén impulsando a Xunta permite que moitas poboacións conten xa con sistemas adecuados de recollida de augas residuais e de depuración, evitando desta maneira repercusións negativas sobre a contorna e mellorando o estado das masas de auga.

O Executivo autonómico considera que ademais de nos núcleos de poboación grandes, tamén é preciso avanzar neste proceso para que os núcleos rurais, con menos habitantes, poidan contar con sistemas de depuración de augas residuais eficaces e adecuados, tal como prevé o propio Plan.

A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN FINANCIA A CAPTACIÓN DE 20 INVESTIGADORES PARA O SISTEMA UNIVERSITARIO GALEGO A TRAVÉS DO PROGRAMA ESTATAL JUAN DE LA CIERVA

- **Destina 185.338,89 € ao financiamento complementario destas axudas concedidas polo Goberno central, para que non teñan que asumilo as universidades galegas**
- **Do conxunto de beneficiados, 13 pertencen á USC, 5 á UVigo e 2 á UDC**

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional destinará 185.338,89 euros á captación do talento de 20 investigadores, a través do programa Juan de la Cierva para contratados nas universidades de Santiago de Compostela (13 investigadores), de Vigo (5) e da Coruña (2). Para iso, asinarase un convenio coas tres universidades do Sistema universitario de Galicia (SUG), a través do que o departamento educativo da Xunta de Galicia asume o 20% do importe total do contrato, unha parte que en outras comunidades autónomas teñen que custear as propias universidades.

En Galicia a Xunta asumiu o pagamento desta contía complementaria a partir do ano 2012, co fin de que estes contratos non supoñan ningún custo a maiores para as universidades. Deste xeito, incentívanse as universidades do SUG para que se presenten á convocatoria destes programas, sabendo que non teñen que aboar o financiamento complementario recollido na convocatoria realizada polo Ministerio convocante.

O obxectivo das axudas do Programa estatal de promoción do talento Juan de la Cierva é fomentar a contratación laboral de mozos doutores por un período de dous anos, co obxecto de que afiancen as capacidades adquiridas nunha primeira etapa de formación posdoutoral. En concreto o convenio refírese aos subprogramas estatais de incorporación e de formación.

No caso dos contratos de formación, teñen unha duración de 2 anos e un importe total de 25.000 euros por ano para cada investigador; mentres que para os de incorporación a duración é a mesma pero o importe do contrato ascende a 29.000 euros ao ano por persoa. Destas contías, a Xunta asume un montante económico de 9.000 euros para cada un dos beneficiados da modalidade de formación e de 10.000 euros para os da modalidade de incorporación durante os dous anos que dura o programa.

Aposta pola investigación universitaria

Este cofinanciamento enmárcase no fondo de fomento da I+D+i, dentro do Plan de financiamento universitario. Trátase dunha acción na liña da política activa da Xunta de Galicia en prol da incorporación de persoal investigador nas universidades co fin de lograr ratios similares aos países á vangarda en investigación e promove, ademais, a captación externa de talento en marcos abertos e competitivos. Desta forma, continúaase co esforzo para incrementar o número de persoal investigador de excelencia con éxito neste tipo de convocatorias e establécense, ademais, sistemas efectivos de mobilidade no sistema de I+D+i que garantan a oferta de oportunidades a aquelas traxectorias máis sólidas e permitan procesos de desenvolvemento profesional a escala internacional.



A XUNTA AMPLÍA O ALCANCE DA CÁTEDRA DO CAMIÑO DE SANTIAGO E AS PEREGRINACIÓNS DA USC DE CARA AO XACOBEO 21

- ***O Consello da Xunta autoriza renovar tres anos máis a colaboración da Consellería de Cultura e Turismo coa Catedral e a Universidade de Santiago para seguir desenvolvendo esta iniciativa académica***
- ***Asegúrase así o reforzo do seu fondo bibliográfico, a celebración de seminarios e congresos ou novas convocatorias das bolsas e premios de investigación que fomentan o estudo e divulgación xacobeas***

O Consello da Xunta autorizou a sinatura dun novo convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo, a Catedral e a Universidade de Santiago co que o Goberno galego amplía o alcance da Cátedra do Camiño de Santiago e as Peregrinacións ata o ano 2021.

Este convenio supón a renovación durante tres anos máis da relación que se vén mantendo desde o ano 2016, cando a Xunta impulsou a creación desta iniciativa académica coa que se teñen dado grandes avances na difusión e investigación do fenómeno xacobeo.

Esta colaboración fixo posible, entre outras, a posta en marcha da súa páxina web, a celebración de diferentes seminarios, relatorios e congresos internacionais, así como o apoio económico a diferentes proxectos de investigación, entre os que destaca un traballo inédito sobre a peregrinación en Italia premiado o ano pasado. Tamén se está a crear e manter un fondo bibliográfico e documental sobre as materias específicas do Camiño de Santiago e disciplinas relacionadas.

Coa renovación ata 2021, a Xunta garante a celebración destas iniciativas grazas a un investimento de 90.000 euros. Pola súa parte, a Universidade de Santiago comprométese a organizar e dirixir a Cátedra e a Catedral colaborará poñendo á disposición tres anos máis o Centro Internacional de Acolida ao Peregrino da rúa Carretas de Santiago de Compostela como sede da Cátedra.

A Xunta reafirma así o seu compromiso coa que se está a consolidar como a iniciativa académica máis importante impulsada ao amparo do Plan director do Camiño de Santiago e un instrumento clave para afondar nas raíces da peregrinación. O Goberno autonómico continúa promovendo e difundindo da man da Universidade de Santiago o coñecemento ao redor das peregrinacións, facilitando a reflexión e debate cultural e procurando tamén que a cultura xacobeas se vincule cada vez máis estreitamente coas formación das promocións universitarias, a investigación científica e o desenvolvemento económico e social de Galicia.

A XUNTA INICIA A TRAMITACIÓN DA LEI DE IMPULSO DEMOGRÁFICO PARA QUE GALICIA SEXA O MELLOR LUGAR PARA FORMAR UNHA FAMILIA

- ***O novo marco normativo incorpora a perspectiva demográfica en todas as políticas das administracións públicas***
- ***O texto prevé medidas relacionadas con oito áreas de intervención: organización e coordinación das administracións públicas, criterios xerais de actuación, medidas de apoio ás familias, fomento da conciliación, apoio á mocidade, impulso do retorno dos galegos no exterior e atracción de nova poboación, equilibrio territorial e envellecemento activo***
- ***A Lei someterase agora a exposición pública e posteriormente elevarase ao Parlamento para o seu debate ao longo do segundo período de sesións***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a tramitación do anteproxecto da Lei de impulso demográfico, marco normativo pioneiro elaborado a partir da análise recollida no *Informe Galicia: perspectivas demográficas*, realizadas no seo do Observatorio Galego de Dinamización Demográfica e aprobada por unanimidade do seu pleno. O texto, que nace con vocación de consenso e permanencia, responde ao obxectivo común de facer de Galicia o mellor lugar para formar unha familia.

A Lei someterase agora á exposición pública antes de remitirse ao Parlamento ao longo do segundo período de sesións. Os principios e medidas que prevé divídense en oito bloques, relacionados con distintas áreas de intervención: a organización e coordinación das administracións públicas, os criterios xerais de actuación, medidas de apoio ás familias, fomento da conciliación, apoio á mocidade, impulso do retorno dos galegos no exterior e atracción de nova poboación, equilibrio territorial e envellecemento activo.

En primeiro lugar, no ámbito dos criterios de actuación e organización das administracións para o impulso demográfico inclúese a incorporación da perspectiva demográfica en todas as políticas públicas; que se teñan en conta os indicadores demográficos na confección dos orzamentos; a elaboración dun informe anual sobre a situación da poboación por parte do Observatorio de Dinamización Demográfica e unha repartición do Fondo de Cooperación Local que teña en conta o esforzo orzamentario en materia demográfica.

Coordinación entre Xunta e entidades locais

Así mesmo, prevese a posta en marcha da Comisión de Impulso Demográfico entre a Xunta, Concellos e Deputacións; a publicación periódica no *Diario Oficial de Galicia* do saldo vexetativo coa finalidade de concienciar a poboación; a incorporación de conceptos sobre demografía, en especial aplicada a Galicia, no currículo educativo do ensino obrigatorio; ou a recomendación de adiantar o horario de máxima audiencia na televisión para favorecer o descanso e os momentos familiares.

A nova Lei tamén recolle os criterios xerais que guiarán a actuación da Xunta en materia demográfica. Nesta parte da norma recóllese a posta en marcha de políticas activas de

emprego, orientadas de maneira específica á mocidade e á poboación das zonas rurais; ou o apoio no acceso á vivenda. Tamén se establece a necesidade de definir unha renda familiar estandarizada que unifique os criterios para computar a economía das familias á hora de acceder ás diferentes axudas.

No articulado fíxanse, así mesmo, medidas de apoio ás familias en sentido estrito, como a blindaxe do crecemento do investimento público en políticas familiares; as prestacións por nacemento ou adopción, como pode ser a Tarxeta Benvida; a gratuidade do autobús ata os 19 anos; as facilidades económicas para acceder ás escolas infantís ou a creación dun selo que destaque os establecementos máis amigables e acolledores para as familias.

Outras intervencións centradas na familia son a aprobación dun Plan de apoio ás familias numerosas; a garantía de que os edificios, tanto os de nova construción como os xa existentes, contarán cada vez con máis cambiadores e salas de lactación; a difusión da existencia dos bancos de leite materno e a adopción de medidas de apoio á reprodución asistida.

Conciliación

Ademais, o novo marco normativo incorpora medidas para favorecer a harmonización da vida familiar, laboral e persoal. Estas son: a constitución como parte da Administración autonómica como acción popular nos xuízos por supostos delitos de discriminación derivados da maternidade ou paternidade, a apertura de centros públicos de infantil e primaria nos concellos pequenos para desenvolver actividades de conciliación antes da xornada lectiva e o desenvolvemento de servizos de atención á infancia a domicilio.

A Lei recolle tamén neste apartado a ampliación dos requisitos de vacinación a todas as escolas infantís que contén con financiamento público, a procura de que a maternidade ou paternidade non sexa obstáculo para desenvolver unha carreira profesional no sector público, o impulso da flexibilidade laboral para os traballadores públicos e axudas para que o persoal das empresas e os autónomos se acollan a excedencias ou reducións de xornada.

Así mesmo, establécese a primacía na contratación pública das empresas máis comprometidas coa conciliación do seu cadro de persoal, a reserva de parcelas nos novos polígonos empresariais para a creación de recursos de conciliación e a vontade de avanzar na racionalización de horarios.

Mocidade e atracción de poboación

O apoio á mocidade, o retorno dos galegos do exterior e a atracción de nova poboación son outros dos eixos sobre os que se fundamenta o texto legal. No ámbito da xuventude apóstase polo desenvolvemento dunha política educativa orientada á creación de oportunidades laborais, o fomento da educación non formal e do voluntariado, o impulso do emprendemento, a innovación, a tecnoloxía e a creatividade, e os programas de remuda xeracional nas empresas.

Por outra banda, coa finalidade de favorecer o regreso dos máis de 500.000 galegos que residen no exterior e atraer nova poboación fomentaranse os investimentos e a captación de talento, garátese que os retornados poidan acceder en igualdade de condicións aos programas públicos da Xunta e desenvolveranse iniciativas de apoio ao retorno, como unha unidade de xestión integral que dea a coñecer aos galegos no exterior as oportunidades e recursos que teñen á súa disposición en Galicia.

Tamén se realizarán programas de difusión das oportunidades do mercado laboral na nosa comunidade e abordarase a inmigración desde a perspectiva da inclusión social e a formación ocupacional.

Equilibrio territorial e envellecemento activo

Outro dos aspectos que aborda a Lei é o impulso do equilibrio territorial, para o que as Administracións públicas deberán ter en conta o envellecemento e desequilibrio de xénero da poboación no medio rural e costeiro non urbano no deseño das políticas e os servizos públicos. Nesta liña, garátese a accesibilidade dos servizos básicos de tipo educativo, sanitario e social; e prevese o desenvolvemento de servizos itinerantes ou fixos de centro de día e atención ao alzhéimer no rural, como pode ser o programa RedMay que xa se está a levar a cabo.

Inclúese, ademais, o futuro establecemento dun réxime de incentivos ao desenvolvemento e de bonificacións impositivas no medio rural; e impulsarase a accesibilidade a servizos coma os bancarios.

A norma diríxese tamén aos segmentos máis altos da pirámide poboacional e trata a cuestión do envellecemento activo e saudable. Un reto que afronta desde perspectivas como a aplicación da tecnoloxía, o desenvolvemento da chamada economía do envellecemento, a posta en valor da experiencia a través de programas como o Voluntariado Sénior, o impulso dos estudos de cuarto ciclo universitario para as persoas maiores ou o fomento das relacións interxeracionais.

Familias monoparentais

Por último, a Lei establece a posta en marcha dun Plan de apoio ás familias monoparentais nun prazo máximo dun ano desde a súa aprobación.

Tamén establece, no mesmo período de tempo, a redacción e aprobación dunha Estratexia de impulso demográfico feita en coordinación cos concellos. Trátase de facilitar unha resposta conxunta aos desafíos que presenta a demografía.

GALICIA CONTARÁ CUNHA RADIOGRAFÍA DA IMPORTANCIA ACTUAL DO SECTOR PESQUEIRO E A SÚA INTERACCIÓN CON OUTRAS ACTIVIDADES

- ***O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio entre a Consellería do Mar e a Universidade de Santiago para a elaboración dun estudo empregando a metodoloxía das táboas Input-Output con datos de 2019***
- ***Esta acción permitirá dispor dunha análise detallada da situación actual do complexo mar-industria e comprobar a súa evolución ao sumarse esta edición ás dos anos 1995, 1999 e 2011***
- ***O informe final favorecerá unha mellor toma de decisións e planificación no eido pesqueiro e contribuirá a defender os intereses de Galicia nesta materia ante a Unión Europea***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e a Universidade de Santiago de Compostela (USC) para a elaboración dunha radiografía ampla da realidade actual do sector pesqueiro, a súa importancia e dimensión e a relación con outros sectores da economía. O acordo permitirá elaborar un completo informe mediante a metodoloxía das táboas Input-Output -de entrada e saída de fluxo económico- co obxectivo de contar coa información estatística suficiente para coñecer a fondo a realidade socioeconómica do sector pesqueiro galego, a súa dimensión e os vencellos con outras ramas de actividade.

O fin último do convenio é dispoñer dun documento que recolla as relacións intersectoriais que xera a pesca e proporcione unha descrición do seu proceso produtivo, partindo da definición conceptual da pesca galega como complexo industrial que integra a actividade extractiva, o marisqueo, a acuicultura mariña, a conserva e os novos transformados, así como as depuradoras e o sector maiorista en orixe.

Esta descrición actualizada das características do sector será de utilidade para os múltiples axentes económicos con intereses neste eido e tamén para as administracións públicas, así como para a sociedade en xeral. Esta ferramenta favorecerá unha mellor toma de decisións e planificación no sector pesqueiro e contribuirá a defender os intereses de Galicia nesta materia ante a Unión Europea.

O Executivo galego xa empregou este instrumento estatístico nos anos 1995, 1999 e 2011 pero, debido aos cambios cualitativos e cuantitativos rexistrados na comunidade nos últimos exercicios, a Consellería do Mar considera necesario actualizar esta ferramenta elaborando unhas táboas que reflectan a realidade do ano 2019.

O departamento que dirixe Rosa Quintana destina un orzamento de 153.000 euros a este convenio, un investimento que ten como finalidade compensar os custos nos que incorre a USC para o desenvolvemento dos seus traballos. A encargada de elaborar o estudo será a Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais, que conta con equipos que xa elaboraron estas táboas para a pesca galega no pasado e que garanten que a comparación coas anteriores conte coa máxima coherencia metodolóxica.



XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 2021

galicia

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Co obxectivo de asegurar o debido cumprimento do acordo crearase unha comisión de seguimento integrada por un membro da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar e un representante da USC. Esta comisión será o mecanismo de actuación conxunta para garantir o cumprimento do convenio, que estará vixente ata o 31 de decembro de 2021.

